

D. ÁNGEL MARÍA CARRACEDO ÁLVAREZ



Nado en Santa Comba (A Coruña) no ano 1955. É un dos nomes máis destacados da ciencia en Galicia.

Exerce a docencia na Universidade de Santiago de Compostela dende 1977.

É Catedrático e director do Instituto de Medicina Legal de Santiago e da Fundación Galega de Medicina Xenómica, así

como vicepresidente da Academia Internacional de Medicina Legal.

Foi galardoado na edición de 2009 co premio REY JAIME I na modalidade de Investigación Médica polo seu traballo pioneiro no que usa as novas tecnoloxías no eido da xenética aplicada, particularmente no da identificación forense e na xenética de poboacións. Participa de xeito destacado no Proxecto Xenoma Humano, dirixindo un equipo interdisciplinar de máis de cen investigadores. Forma parte do equipo que investiga os xenes relacionados coa transmisión da esquizofrenia.



Ten publicacións en revistas de gran prestixio internacional, como Science ou Nature e recentemente un traballo sobre a análise de erros genéticos que obtivo o premio Ion Torrent, entregado en Suiza. Dende que dirixe o Instituto de Medicina Legal da Universidade de Santiago, este organismo realizou análises para identificar restos humanos tras o tsunami do sudeste asiático e dos atentados do 11M.

Carracedo Álvarez destaca polas súas investigacións no campo da xenética aplicada, principalmente no campo da medicina forense, da que é un recoñecido especialista a nivel mundial. Durante a súa dilatada traxectoria participou en máis de tres mil pericias en xenética forense (investigación da paternidade, criminalística biolóxica e investigación). Unha ampla experiencia que lle permitiron, tamén, destacar como formador de investigadores de numerosos países.



Co-director, xunto con Fernando Domínguez, da Unidade de Medicina molecular do Inco-Sergas dende 1997, o médico xalleiro escribiu 7 libros e realizou máis de 300 publicacións, a maioría de elas en revistas internacionais na área da xenética forense.

Ademais de en España, Carracedo formouse en Suecia, Estados Unidos e outros países de América, Asia e Europa, e impartiu numerosas conferencias en toda Europa, Xapón, Estados Unidos e Iberoamérica e dirixiu 28 tesis doctorais,

todas coa máxima calificación e 4 con premio extraordinario.



No seu amplo currículum, ademáis de ser presidente da Sociedad Internacional de Xenética Forense, é vicepresidente da Academia Internacional de Medicina Legal e membro permanente do Grupo Europeo do ADN ou da Comisión do ADN do Instituto Nacional de Xustiza de Estados Unidos. Carracedo coordina a rede da Unión Europea de Standarización do ADN e da Rede Iberoamericana de Xenética Molecular Aplicada á Medicina forense.

O investigador xalleiro destaca polo súa "grande dimensión humana e espírito humilde, sinxelo, aberto e emprendedor", como recoñecía o conselleiro de Sanidade, Hernández

Cochón cando foi nomeado Fillo Predilecto de Santa Comba e recibía a Medalla de Ouro Terra do Xallas. Unhas apreciacións co as que tamén coincide o ex rector da USC, Darío Villanueva, quen o califica como "unha persoa extraordinaria pola súa sabiduría e humanidade". O seu traballo constante, meticuloso e riguroso fixeron merecedor de importantes distincións, tanto a nivel nacional como internacional. Entre outras, Carracedo foi premiado pola Academia médico-quirúrxica, a Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia, a Fundación Caixa Galicia, a Fundación Frontela de Medicina Legal, a Sociedade Escandinava de Medicina Forense, o Grupo Hematolóxico forense italiano e outras sociedades científicas, premio Rey Jaime I 2009, en Valencia e que foi presidido polos Príncipes de Asturias, otorgado por un xurado formado por 21 nobeles, que recoñece o liderazgo internacional do científico galego en xenética forense, premio Galien 2010 coñecido como o nobel do medicamento, e un sin fin de premios máis.

